



# CONCELLO DE NARÓN

Espazo reservado para o numero de resolución  
Non utilizar

## Datos do Expediente:

Unidade Tramitadora:		
Órganos de Goberno e Central -		
Número expediente:	Documento:	
		GOB16I0CB
1026306Q70613Y6B08B4		

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O Pleno do Concello de Narón ten previsto aprobar nos vindeiros días un Plan Antifraude e de Prevención de Riscos.

Ainda que os mecanismos e as determinacións que nese Plan se recollen poden aplicarse, na súa maior parte, á totalidade dos recursos e fondos que utiliza este Concello, as concretas medidas que nel se recollen dirixense prioritariamente a atender os deberes da xestión das actuacións financiadas mediante os fondos do instrumento de recuperación Next Generation EU.

Nestes intres o Concello de Narón está a participar en diversas liñas de subvencións e axudas para a execución de actuacións financiadas con esos fondos Next Generation EU. Porén, como entidade executora de proxectos financiados con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (en adiante PRTR), ou para calquera actuación que nun futuro se desenvolva en materia de actuacións financiadas por fondos comunitarios, esta entidade local pretende coa aprobación dese documento, normativizar un conxunto de medidas que integren un verdadeiro e global Plan de medidas antifraude e de prevención de riscos, co obxectivo de facilitar a tarefa do seu persoal para o cumprimento dos distintos requisitos antifraude establecidos a escala comunitaria, nacional e rexional, respectivamente.

Neste sentido cabe lembrar que o 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo acordou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como Next Generation EU (en adiante, NGEU) por un importe de 750.000 millóns de euros. Este Fondo de Recuperación garante unha resposta europea coordinada cos Estados membros para fazer fronte ás consecuencias económicas e sociais da pandemia derivada da covid-19. Pola súa banda o Mecanismo para a recuperación e a resiliencia (en adiante, MRR) constitúe o núcleo deste Fondo de Recuperación e a súa finalidade reside en apoiar o investimento e as reformas nos Estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, ao tempo que promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE.

O MRR posúe catro obxectivos fundamentais: a promoción da cohesión económica, social e territorial da UE; o fortalecemento da resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; a mitigación das repercuśóns sociais e económicas da crise da COVID-19 e o apoio ás transicións ecolóxica e dixital. Todos eles van dirixidos a restaurar o potencial de crecemento das economías da UE, fomentar a creación de emprego tras a crise e promover o crecemento sostible.

Para acadar eses obxectivos, cada Estado membro debe deseñar un Plan nacional de recuperación e resiliencia que inclúa as reformas e os proxectos de inversión necesarios para alcanzar eses obxectivos.



O Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR, como xa se sinalou) da economía española configúrase en palabras do lexislador, como un instrumento promovido a nivel da UE orientado a mitigar os impactos da pandemia COVID-19, así como a transformar a sociedade, cos obxectivos de modernizar o tecido produtivo, impulsar a «descarbonización» e o respecto ao medio ambiente, fomentar a dixitalización, e a mellora das estruturas e recursos destinados á investigación e formación, conseguindo en última instancia unha maior capacidade da sociedade para superar problemas como a pandemia, conforme ao marco establecido no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia; e prevé a mobilización de máis de 140.000 millóns de euros de investimento público ata 2026, cunha forte concentración dos investimentos e reformas na primeira fase do plan NGEU, que cobre o período 2021-2023, co fin de impulsar a recuperación e lograr un máximo impacto no noso modelo económico.

O plan ten catro eixes transversais dentro dos cales se recollen trinta componentes, que permiten articular os programas coerentes de investimentos e reformas do plan:

- a transición ecolóxica
- a transformación dixital
- a cohesión social e territorial, e
- a igualdade de xénero.

A administración estatal prestou aprobación ao Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR; e, nese mesmo contexto, o Ministerio de Facenda e Función Pública do Goberno de España aprobou a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR (en adiante, OM de Xestión), na que se establecen as directrices para garantir o cumprimento coordinado dos requisitos establecidos pola normativa comunitaria para a execución do PRTR, sendo un deles o reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. Coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento do MRR impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión, o artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, establece que “toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispoñer de un Plan de medidas antifraude que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.”

A estos efecto o apartado 5 do precitado artigo 6 desta orde, determina o seguinte:

*“El «Plan de medidas antifraude» deberá cumplir los siguientes requerimientos mínimos:*

*a) Aprobación por la entidad decisora o ejecutora, en un plazo inferior a 90 días desde la entrada en vigor de la presente Orden o, en su caso, desde que se tenga conocimiento de la participación en la ejecución del PRTR.*

*b) Estructurar las medidas antifraude de manera proporcionada y en torno a los cuatro elementos clave del denominado «ciclo antifraude»: prevención, detección, corrección y persecución.*



# CONCELLO DE NARÓN

Espazo reservado para o numero de resolución  
Non utilizar

- c) Prever la realización, por la entidad de que se trate, de una evaluación del Risco, impacto y probabilidad de Risco de fraude en los procesos clave de la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia y su revisión periódica, bienal o anual según el Risco de fraude y, en todo caso, cuando se haya detectado algún caso de fraude o haya cambios significativos en los procedimientos o en el personal.
- d) Definir medidas preventivas adecuadas y proporcionadas, ajustadas a las situaciones concretas, para reducir el Risco residual de fraude a un nivel aceptable.
- e) Prever la existencia de medidas de detección ajustadas a las señales de alerta y definir el procedimiento para su aplicación efectiva.
- f) Definir las medidas correctivas pertinentes cuando se detecta un caso sospechoso de fraude, con mecanismos claros de comunicación de las sospechas de fraude.
- g) Establecer procesos adecuados para el seguimiento de los casos sospechosos de fraude y la correspondiente recuperación de los Fondos de la UE gastados fraudulentamente.
- h) Definir procedimientos de seguimiento para revisar los procesos, procedimientos y controles relacionados con el fraude efectivo o potencial, que se transmiten a la correspondiente revisión de la evaluación del Risco de fraude.

i) Específicamente, definir procedimientos relativos a la prevención y corrección de situaciones de conflictos de interés conforme a lo establecido en los apartados 1 y 2 del artículo 61 del Reglamento Financiero de la UE. En particular, deberá establecerse como obligatoria la suscripción de una DACI por quienes participen en los procedimientos de ejecución del PRTR, la comunicación al superior jerárquico de la existencia de cualquier potencial conflicto de intereses y la adopción por este de la decisión que, en cada caso, corresponda."

Na busca dun estrito cumplimento de tales requisitos o Concello de Narón procede a través desta resolución á designación dos membros do denominado Comité Antifraude do Concello de Narón (que se erixe nunha unidade executiva de desenvolvemento tanto das funcións relativas ao deseño da estratexia de loita contra a fraude sobre a que se elabora o Plan Antifraude municipal, o seu seguimento, actualización e avaliación do seu resultado; como das propias funcións de control da xestión en canto á comprobación e análise dos expedientes identificados de risco e, no seu caso, a proposta de medidas específicas) e que resultará integrado polas seguintes persoas:

- D. Román Romero Franco, Concelleiro de Seguridade Cidadá, SPEIS e Facenda (que a presidirá).
- D. Alfonso de Prado Fdez-Canteli, Secretario Xeral do Concello.
- Dª María Pilar Canzobre Méndez, Interventora Xeral.
- Dª Marta Roca Naveiras, Tesoureira.
- D. Alejandro Fernández Cortés, Xefe do servicio de Contratación e Obras Públicas.



# CONCELLO DE NARÓN

Espazo reservado para o numero de resolución  
Non utilizar

- D. Manuel Rodríguez Álvarez, Xefe do Departamento de Administración e Xestión de Servicios Dixitais.
- D. Manuel Guillermo Antón Villamil, Director de Programas Europeos e Planificación Local.
- Dña Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario.
- D. Jairo Orjales Sande, Técnico de Servizos Básicos.
- Dña Marina Sueiras Rodríguez, Xefa da Sección de Deportes.
- D. Luciano Fernández Vicente, Director Técnico do Padroado de Cultura.
- Dña María de los Ángeles Manteiga Fulgueira, Xefa do Servicio de Organización e RRHH (que asumirá a Secretaría do Comité);

ou persoas dos correspondentes departamentos que as substitúan ou nas que puntualmente deleguen.

As funcións do devandito comité e o seu réxime de xuntanzas, serán as determinadas no Plan Antifraude e de Prevención de Riscos do Concello de Narón.

***Ante min.  
(Dou fe da identidade do asinante)***